

BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO

**OS RUDIMENTOS DA
LINGÜÍSTICA GALEGA**

**Un estudio de textos lingüísticos galegos
de principios do século XX
(1913-1936)**

Verba, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA
ANEXO 47

2000

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

<i>Lista de gráficos e táboas</i>	6
<i>Abreviaturas</i>	8
<i>Sinopse</i>	9
<i>Agradecementos</i>	11
<i>Prefacio</i>	13
1. <i>Introducción: historia e lingüística en Galicia</i>	19
1.1. A lingua e a historia de Galicia en 1913	19
1.2. O estudio da lingua en Galicia en 1935	47
2. <i>A historia da lingua como marco filolóxico</i>	63
2.1. <i>Introducción</i>	63
2.2. <i>As obras filolóxicas de Santiago y Gómez e Couceiro Freijomil</i>	70
2.3. <i>A historia do galego como espacio común</i>	74
2.4. <i>A historia como narración: cambio lingüístico e contacto de linguas</i>	83
2.5. <i>Conclusión</i>	117
3. <i>As gramáticas galegas do período “Nós”</i>	121
3.1. <i>Introducción</i>	121
3.2. <i>Composición e recepción</i>	124
3.3. <i>Análise gramatical: as partes da gramática</i>	145
3.4. <i>Teoría da lingua: as partes do discurso</i>	153
3.5. <i>Conclusión</i>	192
4. <i>Os dicionarios galego-casteláns de principios do século XX</i>	197
4.1. <i>Introducción</i>	197
4.2. <i>As empresas lexicográficas</i>	203
4.3. <i>Tradición e innovación: as entradas</i>	235
4.4. <i>Os significados: definicións e traducións</i>	261
4.5. <i>Conclusión</i>	283
5. <i>Conclusión: lingua e lingüística en Galicia</i>	287
5.1. <i>Decadencia e rehabilitación do galego</i>	287
5.2. <i>Unificación lingüística: os rudimentos do galego</i>	309
<i>Obras examinadas</i>	318
<i>Referencias bibliográficas</i>	319
<i>Bibliografía selecta de obras consultadas</i>	342

Sinopse

A fins do século pasado, o galego aínda era a lingua falada pola meirande parte dos galegos, se ben non era aceptado nas clases altas urbanas. Durante máis de tres séculos fora unha lingua oral vedada nas esferas sociais de máis prestixio, incluídas a administración, a educación e a Igrexa. A súa tradición literaria moderna, restablecida ó socairo das ideas do Movemento Romántico Europeo e ó espertar dunha certa consciencia rexional, a penas abrangía daquela medio século e estaba constituída principalmente por poesía. As perspectivas da lingua non eran, en resumo, prometedoras, sendo a adopción do castelán a tendencia imperante entre as clases medias emerxentes nas cidades galegas. As ideas sobre o galego e, de forma concomitante, as actitudes e conductas lingüísticas, mudaron sen embargo radicalmente no período que vai do comezo da I Guerra Mundial ó estalido da Guerra Civil Española.

Este libro, baseado na miña tese de doutoramento presentada na Universidade de Oxford en 1996, investiga o papel histórico do estudio da lingua dentro dos movementos rexionalista e nacionalista galegos de principios do século XX. Nel argumentáanse dúas proposicións históricas: a primeira é a de que é nesta época cando a lingua adquiriu un rol social e político esencial dentro do discurso ideolóxico do Galeguismo; a segunda, a de que o interese dos textos lingüísticos galegos aquí analizados só se pode avaliar correctamente se entendemos o contexto histórico en que foron escritos. A ideoloxía “nacionalista” domina historicamente o discurso galego e castelán sobre a lingua ó longo do período. É o nacionalismo o que, en última instancia, crea as nacións e as linguas nacionais e o que, polo menos nalgúns casos, acaba instituíndo as linguas que promove como linguas oficiais. O comezo deste período, o galego era considerado como un dialecto ou un idioma indistintamente. Durante esta época, sen embargo, o termo “dialecto” foi rexeitado de maneira sistemática. A finais do período, o galego sería declarado lingua cooficial no Estatuto de Autonomía de 1936.

O argumento que se desenvolve ó longo deste libro céntrase en cómo unha identidade galega distintiva baseada na lingua chegou a reforzar o discurso principalmente histórico e poético do rexionalismo de finais do século XIX. Para explorar este proceso, examináronse unha serie de textos sobre o galego desde 1913 ata 1936. O libro está estruturado en cinco capítulos. A parte principal da análise lingüística atópase nos capítulos 2, 3, 4, que investigan os principios ou rudimentos da lingüística galega moderna, segundo se presentan nos textos escolleitos. Cada un destes tres capítulos está composto por unha introducción que fai un repaso crítico do estado presente das investigacións, unha aproximación de tipo contextual ás obras e ós autores, unha análise lingüística dos elementos básicos sobre os que se constrúen os textos históricos, gramaticais ou léxicos relevantes, e unha breve conclusión na que se resumen os principais achados. O método utilizado é histórico e comparativo. As obras examinadas son contrastadas con traballos contemporáneos e anteriores, e con posibles modelos doutras tradicións lingüísticas. Os obxectivos e contidos específicos son os seguintes:

O capítulo 1 sitúa a lingua e a historia de Galicia dentro dos contextos político e académico. Comeza analizando o paradoxo historiográfico dunha historia medieval de España escrita en galego (e comentada nun manual portugués de 1912) e unha historia moderna de

Galicia escrita en castelán (pero discutida en galego nunha sesión académica no 1926). Despois considérase o *background* lingüístico do período mediante o exame dos títulos que aparecen na sección lingüística dun catálogo publicado en 1935 pola biblioteca pública de Lugo.

O capítulo 2 examina a constitución dunha nova área de investigación entre os intelectuais galegos dos séculos XIX e XX, proporcionando unha visión xeral da produción filolóxica mais relevante no campo da “historia da lingua” desde o orixinal ensaio de Murguía incluído na súa *Historia de Galicia*. Esta revisión prepara o terreo histórico sobre o cal se discuten as opinións de Santiago y Gómez e Couceiro Freijomil acerca do cambio lingüístico e o contacto entre linguas. As dúas obras analizadas son *Filología de la Lengua Gallega* (1918) e *El Idioma Gallego* (1926, 1935²).

O capítulo 3 investiga os rudimentos gramaticais do período. En primeiro lugar preséntase unha perspectiva xeral da breve tradición gramatical galega. Despois pásase á actividade gramatical levada á cabo na época. O foco da pesquisa constituírono os dous únicos textos gramaticais publicados baixo a etiqueta de “gramática”: o *Compendio de Gramática Galega* de R.A. (1919) e a *Gramática do Idioma Galego* de Lugrís Freire (1922, 1931²). A atención céntrase en cómo os dous autores organizan os contidos lingüísticos e tratan a clasificación e definición das partes do discurso nas súas análises gramaticais.

O capítulo 4 analiza a actividade lexicográfica e os fundamentos teóricos dos tres principais dicionarios galego-casteláns compilados durante o período: o *Diccionario Gallego-Castellano* (1913-28) da Real Academia Gallega; o *Vocabulario Popular Galego-Castelán* (1926-8) do Seminario de Estudos Galegos; e o *Diccionario Galego-Castelán* de Leandro Carré (1928, 1931). Neste capítulo a atención recaeu en cómo cada un destes dicionarios continúa a tradición lexicográfica autóctona e ó mesmo tempo innova sobre ela, manipulándoa para que se adapte ás novas necesidades dos usuarios de principios do século XX. Mentres que os dous últimos foron concibidos como simples traballos de popularización, o primeiro supuxo, sen dúbida, un ambicioso traballo de erudición, que lamentablemente quedaría incompleto.

O capítulo 5 propón unha conclusión coherente coa teoría historiográfica implícita no Capítulo 1, a de que a historia está feita de accidentes necesarios. Os textos lingüísticos examinados aquí son: un de 1912, *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega*, asinado coas iniciais M.G.B.; e o último dos textos lingüísticos publicados antes do estalido da Guerra Civil Española, *Algunhas Normas para a Unificazón do Idioma Galego* (se se ten en conta o apéndice de 1936). Este último texto, que representa o punto culminante da institucionalización do Galego ó final do período, non se aborda directamente, senón a partir dos enfoques propostos por dúas reposicións historiográficas modernas da lingüística do período.

Prefacio

Se seguimos falando a mesma lingua volveremos a contar a mesma historia

Luce Irigaray: "Cando os nosos labios falan xuntos"

¿Por que escribín esta obra orixinariamente en inglés? ¿Por que os membros da xeración "Nós" escribían en galego cando lles ensinaron a escribir en castelán? ¿Por que empezaron a falar galego entre eles cando na súa maior parte tiveran o castelán como lingua materna? ¿Por que decidiron escribir a lingua falada pola maioría da xente pero manipulándoa ata o punto de cambiarlle o mesmo nome?

Cando encetei a tese de doutoramento na que asenta este libro a miña intención era localizar un cambio discursivo que a min me parecía transcendental para o entendemento do galego na Galicia actual e explorar algunhas das consecuencias sociais, políticas e culturais máis notables que ese cambio acarretara. Para facer isto cunha certa obxectividade, pensei que debería ser capaz de superar os prexuízos étnicos e culturais que toda lingua impón nos seus falantes. Se non intentara escribir esta tese en inglés, a xenealoxía lingüística que inconscientemente escribiría sería unha versión detallada da historia dominante no discurso nacionalista galego. Despois de terminalala debo aclarar que o meu prexuízo máis grande mentres durou a investigación foi sen dúbida o estar determinado a loitar contra as miñas propias crenzas e contra a lingua que ía usar.

Quería aprehender a outra cara da historia "Nós", a historia de cómo un grupo privilexiado da clase media urbana (desde o punto de vista da sociedade galega coetánea) sentía a lingua e decidira construír, por medio dela, unha identidade para si mesmos e para a nación que desexaban redimir. Cando comecei este proxecto quería saber se os membros dese grupo se apropiaran da lingua da xente á que tentaban representar, ou se simplemente a estaban facendo súa para sentir e pensar coma aqueles ós que se querían semellar. Hai galegos que pensan hoxe que cando algúns políticos falan en galego simplemente están a tomar como seu algo que non lles pertence. ¿Ocorrera o mesmo durante a primeira parte do século XX? ¿Por que se esforzaran tanto en escribir e publicar en galego? ¿Estaban defendendo só o galego como aseguraban, ou estaban promocionando ó mesmo tempo as súas propias ideas e intereses? Quería saber aquilo que non se dicía expresamente nos textos da época, pero que é necesario coñecer para entender o sentido da historia. Desexaba investigar o *suplemento* en que tanto ten insistido Derrida nos seus traballos sobre a *escrita* e a *diferencia* inscrita a través dela.

Derrida suxire que para poder revisar causalidades establecidas, e descubrir novas relacións é necesario ler os textos con atención e procurar as contradicións que todo proxecto leva implícito. O deconstructivismo dunha construción que Castelao representara nun famoso debuxo como unha obra aberta e inacabada da que ninguén está excluído foi un dos primeiros

estímulos que me animaron nos comezos deste traballo. Sen embargo, foi quizais a obra histórica e filosófica de Foucault a que me axudou a abordar o meu obxecto e a que me serviría de principal fonte de ideas e inspiración ó longo de varios anos de pesquisa. A súa actitude crítica cara á lingua e a súa clarividente abordaxe de temas aparentemente insondables e inconexos como o coñecemento e o poder exerceron sobre min unha fascinación difícil de describir. A de aquel a quen de repente se lle permite o privilexio de contemplar un mesmo territorio desde unha posición insospitada. Teño que admitir que hai algo de inquietante no escepticismo radical de Foucault e na súa desesperanza histórica que me deixaron inerte por un certo tempo e vítima dun amargo desacougo. En calquera caso, todo o mundo poderá conceder que Foucault foi tan extremo no seu nihilismo como persuasivo e convincente nos seus argumentos. Foron estas últimas características do seu discurso as que, en última instancia, eu intentei emular e as que sen dúbida me axudaron a pensar, razoar e escribir de maneira diferente e alternativa. Nese momento fun afortunado cando, por casualidade, atopei finalmente os escritos de Luce Irigaray sobre lingua e identidade (sexual). Anque aparentemente tanxenciais ó meu tema, foron eles os que me proporcionaron a forza necesaria para reconsiderar a historia lingüística do galego e facelo de forma máis positiva e optimista.

Visto desde o presente, o desafío á hexemonía da historia nos escritos da Xeración Nós é probablemente inxenuo en moitos dos seus plantexamentos. Sen embargo, nos comezos do século XX eran sen dúbida revolucionarios na forma e no contido e non pasaron inadvertidos para as personalidades máis inquietas do período. De feito, nun espacio de tempo relativamente curto, tanto as súas reivindicacións de rexeneración comunitaria como a súa énfase na exaltación da lingua vernácula, comezaron a atraer defensores e detractores. O novo discurso era pola súa novidade chocante e incómodo: usaba unha lingua distinta, era socialmente combativo, e mostrábase á vez utópico e esixente en cuestións políticas. Nunha sociedade tradicional onde emigrar se tiña polo único medio de progreso económico, os textos do aínda tateante discurso galeguista despertaron un sentimento de posibilidades alternativas que a propia historia se encargara de impedir ata daquela.

Todas estas observacións persoais teñen como fin situar ó lector nos mesmos comezos teóricos da historia intelectual que quería investigar. Como a maior parte das declaracións introductorias, estas poderanse tomar como xeneralizacións subxectivas ou abstractas de mais, e é por iso que a seguir presentarei as dúas limitacións máis importantes que se lle apuxeron ó obxecto, ámbito e descubrimentos desta tese. Hoxe téndese a falar dos membros da “xeración Nós”, do “período Nós”, da “historia da xeración Nós”, e das “obras do período Nós” como se o termo “Nós” se definise a si mesmo, ou non se prestase a ambigüidades. Para calquera que coñeza o estudo da cultura galega moderna, a palabra e o concepto son de feito hoxe un punto de referencia firmemente establecido dentro dos Estudos Galegos. Estúdiase na historia da lingua, na literatura e na historia de Galicia. Foi tratado desde moi diversos ángulos, incluídos o da arte, a relixión e a filosofía, e, unha vez aceptado (¿por que non?), non debería de precisar

máis explicacións ca unha breve e convencional aclaración do período exacto e dos membros que abarca.

Persoalmente, debo aclarar que non me sentín especialmente inclinado, nas primeiras etapas do proxecto, a facer moitas obxeccións a un termo xa en uso que facilitaba, entre outras cousas o *terminus a quo* e *ad quem* da miña investigación. O problema xurdiu cando ó profundar na historia do período no que en principio tiña postas as miras (convencionalmente 1916/36), comecei a reparar nas dificultades para manter a denominación e as datas tradicionais da pesquisa historiográfica que pretendía levar a cabo. Dous exemplos, un máis técnico e outro máis ideolóxico, bastarán para dar unha rápida visión da miña inquietude acerca do termo en cuestión. Desde un punto de vista académico, non hai dúbida de que as dúas obras lingüísticas máis importantes que apareceron neste período foron o *Diccionario Gallego-Castellano* da Academia Gallega e *El Idioma Gallego* de Couceiro Freijomil. ¿Era posible aprender algo novo sobre a experiencia da lingua dos intelectuais do período sen analizalos? Supuxen que non, pero había algunhas cuestións preliminares que solucionar. O diccionario antes mencionado foi publicado entre 1913 e 1928. ¿Debía excluílo dos textos lingüísticos que se ían analizar só porque a súa publicación empezara antes de 1916? Decidín que non, mesmo cando este proxecto lexicográfico –como se demostrará– pertence claramente, pola súa autoría, concepción e ideoloxía, ós predecesores inmediatos do movemento nacionalista de 1916. Sen unha revisión desta obra, calquera caracterización ou comprensión dos dous dicionarios galego-casteláns que apareceron posteriormente estaría incompleta ou a penas sería comprensible.

O problemâ que presentaba *El Idioma Gallego* non era unha cuestión técnica de se debería ser excluído, no meu estudio, dunha cronoloxía do período xa definida. Ó ser publicado na súa forma definitiva no 1935, non había dúbida de que entraba na lista das obras lingüísticas a examinar. O curioso con este libro era que, constituíndo o principal sumario do que se sabía na época das tres áreas contemporáneas máis importantes do estudio da lingua (historia da lingua, gramática e historia da literatura), negaba a existencia mesma dun grupo intelectual ou xeración baixo o nome de “Nós”, dentro da historia literaria contemporánea do galego. ¿Quería isto dicir, como se suxire nun artigo recente, que a interpretación de Couceiro non percibira a relevancia da “xeración *Nós* como grupo unitario de importancia primordial para a cultura galega”? Desde a perspectiva actual, naturalmente pódese soste que isto era así, pero o que a historia de Couceiro Freijomil reflicte de forma máis significativa é que o poderoso mito “Nós” como grupo, xeración ou período “unido” e “homoxéneo” foi probablemente máis unha (re)creación do período posterior á guerra civil, que unha realidade histórica universalmente recoñecida e aclamada naquela época.

Independentemente da falta de recoñecemento do liderato intelectual do grupo de Ourense,¹ non debería haber dúbida, sen embargo, de que Couceiro era perfectamente

¹ Debido tanto a razóns políticas como persoais. Risco comenta nunha carta a Ben-Cho-Sey (Xosé